

No teatro dos sonhos

Carlos Labraña (Cedeira, 1969) autor de *O teatro dos sonhos*, non é ningún principiante dentro do mundo do teatro e o seu traballo figura xa nun lugar de relevancia na vertente infantil deste xénero con obras coma *A escada* (1994) ou *Indo para o Samain* (2004) e, ademais, esta afirmación vén avalada polos importantes certames en que acadou mención e entre os que se atopa o Premio Xeración Nós de Teatro que lle foi outorgado en 1988 con *O segredo de Daniel*.

O teatro dos sonhos inclúese dentro da “Biblioteca ambulante da Garola”, unha colección xestionada polo Colectivo Garola dedicado á escrita e á posta en escena do teatro infantil galego, e tamén acadou con esta obra un recoñecemento significativo pois foi finalista do “Xeración Nós”, un premio que, sen dúbida recolle o espírito dese colectivo de escritores que nos comezos do século XX quixeron dignificar este xénero e dotalo dunha importancia da que carecía ata o momento no país.

Trátase dunha obra cun único lance e dez personaxes, once se temos en conta a dupla personalidade de bicéfalo, onde a imaxinación e a fantasía acadan o lugar máis relevante. A capaci-

O atractivo do mundo onírico



PAULA FERNÁNDEZ

dade dos nenos de se evadir a lugares incribeis e reinos afastados ponse de manifesto con Susa, a rapaza protagonista, quen atopa pola noite un agasallo de seus pais que vai ser o culpable da súa aventura no Mundo dos Sonños.

Un lugar sumido na escuridade e dominado polo terrible Senmus o cal roubou o corazón do reino, que toma forma na pirámide de vidro que lle agasallan seus pais. Susa conseguirá liberar a este reino non sen antes vivir unha serie de episodios con seres que llo tentarán impedir de todas as maneiras posibles.

Unha historia do gusto dos nenos chea de dinamismo con referencias mitolóxicas e celtas onde sorprende ver á protagonista repoñendo forzas bebendo hidromel, o chouchén con que os vikingos e os celtas adoitaban deleitar as súas gorxas.

Unha mestura do onírico e da realidade con todo o que isto connota e con todos os atractivos que isto tamén ten para os rapaces máis novos mais sen esquecer, sobre todo, que a finalidade dunha obra de teatro é ser representada, feito para o que o autor aporta información nunhas pequenas acoutacións que permiten tamén ser interpretadas libremente, pois non son nada estritas, e que os rapaces lectores aporten as súas ideas.



LABRAÑA, Carlos, *O teatro dos sonhos* (ilustr. Lola Garcerá), Ed. Xunta de Galicia, Santiago, 2005, 58 páxinas